

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL EN TORNEIROS).**

*Aprobación: 22/11/01 - B.O.P.: 06/02/02*

*Modificación: 18/09/06 - B.O.P.: 18/12/06*

*Modificación: 26/07/07 - B.O.P.: 12/11/07*

### **Artigo 1. FEITO IMPOÑIBLE**

Constituirá o feito impositivo destas taxas a prestación do Servizo da Escola de primeira etapa de educación infantil (Gardería Infantil Municipal en Torneiros).

### **Artigo 2. SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza, os pais, nais, tutores ou representantes legais dos nenos e nenas.

### **Artigo 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

1. Estarán exentos de pagamento das taxas reguladas nesta Ordenanza os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares onde a renda *per cápita* mensual sexa inferior a 120,20 €
2. Segundo as circunstancias das unidades familiares, das cotas establecidas no artigo seguinte, terán as bonificacións que a seguir se relacionan:
  - a) 20 por 100 no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
  - b) 20 por 100 no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
  - c) 20 por 100 no caso de asistencia dalgún irmán/á ao mesmo centro de atención á primeira infancia. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple, o desconto será dun 30 por cento por cada neno/a.

Os anteriores descontos, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.

3. Agás no disposto nos apartados anteriores así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas desta Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 4. COTAS**

As cotas tributarias destas taxas serán as que figuran no anexo desta Ordenanza.

### **Artigo 5. OBRIGA DE CONTRIBUCIÓN (DEVENGO) E INGRESO.**

1. Nace a obriga de contribución (*devengaranse* as taxas reguladas na presente Ordenanza) co inicio da prestación do servizo entendéndose por tal, o momento da matriculación.
2. O período impositivo será mensual.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo da escola de primeira etapa de educación infantil (gardería infantil municipal en Torneiros).

3. No momento da formalización da matrícula, os suxeitos pasivos deberán ingresar o importe da primeira mensuralidade.
4. As cotas correspondentes aos meses seguintes deberán ingresarse nos primeiros dez días naturais de cada mes mediante domiciliación bancaria.

## **Artigo 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

No relativo ás infraccións tributarias desta Ordenanza así como a súa cualificación e sancións, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria, Lei 1/98 de dereitos e garantías dos contribuíntes e restante normativa de aplicación.

### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

1. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a Lei Xeral Tributaria, Lei 1/98 de dereitos e garantías dos contribuíntes e restante normativa de aplicación.
2. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro de 2002, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### **ANEXO**

I. As cotas tributarias relativas ás taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas:

<b>Renda per cápita mensual da unidade familiar</b>	<b>COTA MENSUAL</b>	
	Con comida	Sen comida
Ata 120,20 €	0,00 €	0,00 €
De 120,21 a 150,25 €	10,82 €	6,49 €
De 150,26 a 180,30 €	21,66 €	12,99 €
De 180,31 a 210,35 €	37,89 €	22,73 €
De 210,36 a 240,40 €	54,13 €	32,48 €
De 240,41 a 270,46 €	63,15 €	37,89 €
De 270,47 a 300,51 €	72,17 €	43,30 €
De 300,52 a 330,56 €	81,19 €	48,72 €
Máis de 330,56	108,27 €	64,96 €

II. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo pleno da Corporación en sesión celebrada ao efecto, o día 22 de novembro de 2001.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo da escola de primeira etapa de educación infantil (gardería infantil municipal en Torneiros).

III.- A presente Ordenanza foi modificada polo pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de xullo de 2007, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e permanecerá en vigor ata a súa nova modificación ou derogación expresa.